

# **PLAN DE IGUALDADE**

# ÍNDICE

## **1. INTRODUCCIÓN.**

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.**

- 2.1. Marco Normativo.
- 2.2. Contexto Normativo do Centro.
- 2.3. Características do Centro Educativo..

## **3. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:**

- 3.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- 3.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- 3.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- 3.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIQfobia.

## **4. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:**

- 4.1. Organización do centro.
- 4.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.  
Cronograma de actuacións anuais.
- 4.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- 4.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

## **5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

## **6. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO DE PROFESORES E DO CONSELLO ESCOLAR.**

## 1. INTRODUCCIÓN.

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto e no principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta a violencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e das situacións de violencia entre os rapaces e as rapazas.

Co obxectivo de inverter esta tendencia, a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade. Os roles e estereotipos de xénero que guían as actitudes e comportamentos de mulleres e homes son adquiridos durante o proceso de socialización e son transmitidos de xeración en xeración, polo que teñen un carácter perdurable ao longo do tempo. Durante a socialización, que é o proceso a través do cal se aprenden as normas e valores imperantes nunha sociedade, interiorízanse os estereotipos e roles de xénero. A primeira socialización prodúcese no ámbito familiar e, a continuación, na escola. Polo tanto, a escola xoga, como institución, un papel fundamental, converténdose no escenario onde comezan a producirse as primeiras relacións de carácter estritamente social e onde se experimentan un conxunto de experiencias fundamentais para a formación de valores e actitudes.

A influencia da comunidade educativa como axente social clave no proceso de configuración da sociedade futura é innegable, de aí o importante papel que desempeñamos na construción dunha sociedade igualitaria.

É preciso prestar atención ao proceso de convivencia no Centro educativo para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar este Plan de Igualdade de centro no que se recollan as medidas que se van desenvolver, ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

As liñas que rexerán a actuación deste Plan serán traballar na construción dun modelo coeducativo que permita un cambio nas prácticas sociais que dificultan o desenvolvemento dunha verdadeira igualdade de oportunidades, para isto é clave a formación do profesorado, e deste xeito poder incluír a perspectiva de xénero nos contidos educativos e na práctica docente.

Este pretende ser un documento de traballo, unha ferramenta práctica concibida e feita á medida das necesidades do Centro educativo, para promover a coeducación como modelo educativo e deste xeito facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia; propiciar a igualdade de oportunidades entre a comunidade

educativa e o desenvolvemento de medidas dirixidas á eliminación da discriminación contra as mulleres a través da educación emocional, a resolución pacífica de conflitos e ás habilidades sociais.

O noso Proxecto Educativo de Centro (PEC) está baseado nos principios educativos de **COEDUCACIÓN, IGUALDADE, TOLERANCIA E RESPECTO**. Moitos dos fins educativos e obxectivos a acadar están intimamente ligados coa educación en igualdade. O Centro sempre asumiu como obxectivo a **Educación en Igualdade** como ferramenta que permite combater as situacións de desigualdade e discriminación de xénero presentes no ámbito educativo e na sociedade en xeral. Isto non significa ou ben realizar dous ou tres actividades no curso escolar ou ben só celebrar os días estipulados no calendario escolar relacionados coa igualdade ou a non violencia, senón que entendemos que a igualdade é un traballo que nos incumbe a todos e a todas e en todo lugar e tempo escolar.

Partiremos dun enfoque metodolóxico globalizador, interdisciplinar e cooperativo, tendo en conta as propias experiencias do alumnado e favorecendo a implicación das familias nas actividades que se realicen.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

### 2.1. Marco Normativo.

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta.

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

#### ÁMBITO EUROPEO:

##### Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

- *Art. 8.* No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseadano xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

#### ÁMBITO ESTATAL:

##### Constitución Española:

- *Artigo 9.2.* “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social”.
- *Artigo 14.* “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición

ou circunstancia persoal ou social”.

Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro: creación do Observatorio de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa:

- *Preámbulo.* Pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero.
- *Art. 1.* Establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.
- *Art. 2.* O sistema educativo orientarase á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes:

- *Art. 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.*

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.
- *Art. 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.*
  1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.
  2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:
    - A. Atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
    - B. Eliminación e rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
    - C. Integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
    - D. Promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

E. Cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

F. Establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia".

### ÁMBITO AUTONÓMICO:

*Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*

– *Art. 17. O currículo regulador do sistema educativo.*

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

A. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

B. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

C. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

D. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

E. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

– *Art. 18. Erradicación de prexuizos nos centros docentes.*

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".

– *Art. 19. Integración da igualdade na formación profesional.*

"No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres".

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Ambos decretos establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos. Tamén os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais teñen como denominador común a presenza deste obxectivo.

Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

– *Capítulo III do Título I:* dedicado ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acadou especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, creando tendencias que se cría que estaban en diminución.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Capítulo V, dedicado ás medidas no ámbito da educación.

– *Art. 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.*

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

– *Art. 23. Actitudes.*

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a

prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

– *Art. 24. Formación do persoal docente.*

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de

formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.

– *Art. 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.*

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

– *Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.*

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

*Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos "prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual".

*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*

Inclúe entre os seus elementos transversais evitar "os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade bb e de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual".

*Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

Contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, será tamén un principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da

convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinalase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e



eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

*Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional.*

Esta instrución ten por obxecto regular a elaboración do plan de igualdade dos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as etapas de educación infantil, primaria, secundaria ou formación profesional.

## **2.2. Contexto Normativo do Centro.**

Con anterioridade á elaboración deste plan, xa existían actuacións en materia de igualdade dentro das aulas para previr a violencia de xénero, así como para fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- Obradoiros de Igualdade ofertadas polo Concello de Nigrán ou por outras entidades.
- Charlas, coloquios e experiencias persoais.
- Conmemoracións do 25 de Novembro: "Día Internacional contra a violencia de xénero", 30 de Xaneiro: "Día da Non Violencia e da Paz", 8 de marzo: "Día Internacional da Muller".
- Utilización de linguaxe non sexista nos diferentes documentos e comunicacións do Centro.
- Promoción de patios inclusivos coa participación do alumnado en "xogos para todas e todos" no patio do recreo.
- Xogos simbólicos inclusivos de igualdade nos diferentes recunchos de aula: cociña, coches, tenda...
- Adquisición de fondos bibliográficos coeducativos por parte do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar (EDBE).
  
- Obradoiros de cociña co alumnado: elaboración de menús, ordenación e limpeza da aula e dos diferentes utensilios.
- Intervencións puntuais do profesorado cando se detecta algún comportamento ou comentario sexista.
- Etc.

A continuación, citaremos aqueles aspectos máis salientables dos documentos do noso Centro relacionados coa igualdade de xénero e que xa figuraban na documentación do Centro con anterioridade a esta instrución:

- Proxecto Educativo de Centro (PEC):

Como xa comentamos anteriormente, o noso PEC está intimamente ligado ao concepto de igualdade. Entre os principios, fins, intencións educativas e obxectivos nos que baseamos o noso Proxecto Educativo, destacamos os seguintes:

Principios educativos:

- COEDUCACIÓN.
- IGUALDADE.
- LIBERDADE PERSOAL E RESPONSABILIDADE.
- FORMACIÓN EN VALORES DEMOCRÁTICOS.
- SOLIDARIEDADE.
- COOPERACIÓN.
- TOLERANCIA E RESPETO.

Fins Educativos:

- Concibiremos a escola como un servizo público, xa que é a mellor forma de que se garanta o dereito á educación a todos os cidadáns.
- A actividade educativa estará orientada cara a coeducación, entendida como unha educación para a igualdade. Queremos unha escola integradora e democrática, na

que se evite calquera tipo de segregación. Acadar unha escola que persiga unha xestión autónoma, participativa e democrática.

- Estimularase a solidariedade, a tolerancia e actitude de diálogo e non violencia, o respecto aos dereitos humanos sen discriminación por razón de raza, sexo, clase social, relixión, cultura...

#### Intencións Educativas:

- O respecto cara aos demais intentando reducir a agresividade entre os alumnos/as, tanto dende o punto de vista físico como verbal.
- Aprender a escoitar.
- Valorarse como persoas, que adquiran unha alta autoestima.
- Facer uso do tempo de lecer para que sexa cada vez máis enriquecedor para unha boa formación da súa personalidade e que a maior parte dos alumnos/as participen en actividades deportivas, lecturas, traballos en equipo...
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a equidade, que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación.

#### Obxectivos Xerais:

#### Ámbito pedagóxico:

- Promover o desenvolvemento integral da persoa favorecendo o proceso de identidade.
- Educar aos alumnos/as de xeito que, a través das vivencias cotiás, vaian descubriendo os principais valores democráticos e de convivencia contidos na Constitución, comprometéndose con eles responsablemente.
- Atender a diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Basear a actividade didáctica na procura dun ensino comprensivo, centrado nos procesos de aprendizaxe; que ofrezca a todos os alumnos/as a oportunidade de aprender a pensar. Para iso planifícase un sistema de atención á diversidade que contemple as características e diferenzas que presentan os alumnos/as.
- Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase, etc. establecendo unha liña de aprendizaxe cooperativa desde 4ºEI ata 6ºEP, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola máis inclusiva.
- Acadar a convivencia nun contexto plural, evitando as desigualdades sociais e calquera tipo de discriminación por razóns de sexo, raza, relixión, ideoloxía, capacidades intelectuais ou recursos socio-económicos e adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- Ir formando entre o alumnado unha actitude solidaria e de apoio mutuo, fomentando a colaboración e interacción entre grupos de alumnos/as, do mesmo ou distinto nivel, naquelas actividades educativas que o permitan.

#### Ámbito institucional e administrativo:

- Promover o traballo en equipo, a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da Comunidade Escolar, integrándoos na vida do Centro e facilitándolle canles de información e participación. A escola promoverá, dentro das canles

establecidas, a participación dos pais e nais nas estruturas da Comunidade Educativa, e procurárase a colaboración con eles e elas a todos os niveis.

#### Ámbito humano:

- Crear un bo clima de traballo e relación humanas afectivas no profesorado querepercute en toda a Comunidade educativa.
  - Procurar que o clima de aula permita a interacción e intervención de todos os membros do grupo, procurando que cada alumno/a respecte as intervencións dos demais e garde quenda para participar.
  - Establecer un marco de convivencia baseado nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (N.O.F.C.) e no Plan de Convivencia que permita a todos os membros da Comunidade Educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
  - Fomentar a liberdade unida á responsabilidade, o respecto, a orde e o esforzo como eixes fundamentais do proceso educativo.
  - Formar persoas integrais en coñecementos e valores en todos os ámbitos da vida: persoal, familiar e social.
  - Tentar que se establezan entre todos os compoñentes da comunidade educativa unhas relacións fluídas gratificantes, así como procurar a satisfacción persoal dos alumnos/as ao longo de todo o proceso educativo, incrementando o seu grao de autonomía, independencia persoal, autoestima e responsabilidade.
- Plan de Convivencia:

O Plan de Convivencia debe estar moi unido a este Plan de Igualdade. Entre as accións orientadas a fomentar a igualdade, están:

#### Consideracións Previas:

- A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e á responsabilidade persoal, á participación e ao traballo cooperativo, ao rexeitamento de toda discriminación e á compensación das desigualdades.

#### Obxectivos:

- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir, entre todos/as, un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores entre os contidos do currículo.
- Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima aos/ás demais
- Formar á comunidade educativa en estratexias de resolución de conflitos, entendendo que estes son parte inherente á vida, buscando modos axeitados para resolvelos.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia escolar, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de

trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

#### Actuacións:

- Actividades de formación para o profesorado en estratexias de resolución de conflitos.
- Celebracións do 25 de Novembro: "Día Internacional contra a violencia de xénero", 30 de Xaneiro: "Día da Non Violencia e da Paz", 8 de marzo: "Día Internacional da Muller" e 17 de maio: "Día Internacional contra a LGTBIQ+fobia.
- Formación ás familias en estratexias de resolución de conflitos, detección de malos tratos entre iguais, etc.
- Desenvolvemento dun Programa de Habilidades Sociais e Resolución de Conflitos consorte ó reflectido no P.A.T.
- Utilización da mediación escolar e da aula de convivencia inclusiva: intervención do equipo mediador composto por alumnado.
- Plan de Acción Titorial (PAT):
  - Fomentar o traballo en grupos cooperativos e a tutoría entre iguais.
  - Posta en marcha de medidas de atención á diversidade: Iniciativas de compensación de desigualdades.
  - Mediar, con coñecemento de causa, en situacións conflitivas.
  - Favorecer o coñecemento e aceptación de si mesmo/a nos alumnos e alumnas, traballando a súa autoestima.
  - Elaboración conxunta das normas de aula por parte do alumnado.
  - Realización de actividades de tutoría referidas a:
    - Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).
    - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
    - Traballar no grupo o programa de habilidades sociais do plan de convivencia para poder dar respostas axeitadas en diferentes contextos: relacións interpersoais igualitarias, técnicas de autocontrol, xestión das emocións, formación do equipo de mediación do alumnado, etc.
- Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD):

#### Identificación e valoración das necesidades:

- A avaliación docente completada, se é o caso, coa avaliación psicopedagóxica, é o procedemento esencial para a identificación das necesidades do alumnado. Pero é

tamén importante, tras a valoración individual que o profesorado leva a cabo acerca dos resultados obtidos e do desenvolvemento xeral do proceso educativo, o proceso de reflexión e valoración colectiva que se desenvolve a través dos órganos de coordinación e se reflicte nas memorias e documentos de Centro.

- As necesidades se sitúan en tres planos principais:
  - o Necesidades do alumnado: Educar para a solidariedade e para a colaboración. Desenvolver a tolerancia e o respecto ós demais como eixes básicos de comportamento. Aceptar a diversidade como factor educativo e enriquecedor. Concienciar ao alumnado no respecto e conservación do medio social e natural que o rodea. Valorar o coidado e hixiene persoais como aspectos importantes da convivencia. Estimular o desenvolvemento dunha personalidade propia fronte a condutas de imitación do grupo.
  - o Necesidades do Centro: Crear un clima de convivencia que propicie o traballo en equipo. Potenciar a participación do profesorado nas decisións do Centro. Alentar o desenvolvemento profesional do profesorado mediante o intercambio de experiencias, formación e innovación educativas. Manter unha relación fluída entre as familias e o profesorado para conseguir unha colaboración que permita responsabilizarse a todos duns obxectivos comúns. Evitar todo tipo de discriminacións en función de capacidades, razas, sexo ou relixión. Lograr que os alumnos se sintan responsables da vida do Centro. Participación na creación e dinamización dos diversos plans organizativos dos centros.
  - o Necesidades do contexto; Fomentar a convivencia no contexto social. Fomentar relacións fluídas e dialogantes entre a Comunidade Educativa, a Administración e o resto de institucións. Estimular a participación das familias, alumnado e institucións na vida do Centro.

## **2.3 Características do Centro Educativo.**

### Situación:

O CEIP PLURILINGÜE HUMBERTO JUANES, atópase no centro do Concello de Nigrán. O Centro é de titularidade pública, no que se imparten actualmente o 2º ciclo de E. Infantil e os seis cursos de E. Primaria.

Está situado no centro do núcleo urbano nun ambiente mixto, entre urbano e rural.

### Horario:

O horario das clases é de 9:15 a 14:15.

O horario de atención a pais/nais é os martes de 16:00 a 17:00.

### Contexto socioeconómico:

Actualmente as parroquias adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Nas proximidades está situado o IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Plurilingüe Humberto Juanes.

Contamos cunhas familias de diversos sectores no ámbito laboral, sendo maioritariamente dun nivel sociocultural medio, estando o seu posto de traballo no Val Miñor, en Vigo ou arredores. En contra do que se podía pensar, pola situación do centro na costa, apenas temos familias que vivan do mar. A pesares de que o centro se atopa situado ao carón dun polígono industrial (Porto do Molle), tampouco temos un número significativo de familias que traballen no mesmo.

Profesorado:

Son 17 postos de traballo que están repartidos da seguinte forma:

Posto de Traballo	Nº Mestras	Nº Mestres
Educación Infantil	8	
Educación Primaria	10	1
Filoloxía Inglesa	1	1
Filoloxía Francesa	1	
Educación Musical	1	
Educación Física	2	1
Pedagogía Terapéutica(1 AAP+1Compatida)	3	
Audición e Linguaxe (1itinerante)+1ACOMPaña	3	
Orientación	1	
Relixión	1	
	31	
	<b>34</b>	

A situación actual do profesorado é estable, sendo a maioría definitivos no Centro.

A meirande parte do profesorado reside no Concello de Vigo e na comarca do Val Miñor. Destacamos o traballo en equipo, a formación e a implicación nas diferentes actividades do Centro por parte do profesorado.

En relación á representación de profesorado nos distintos órganos de decisión, comentar que o concepto de igualdade non é relevante neste aspecto debido a que todas son mestras excepto un mestre, e a maioría do profesorado ocupa cargos de responsabilidade no Centro.

Persoal non docente:

- 1 conserxe dependente do Concello de Nigrán.
- 2 coidadoras para o alumnado ANEAE.
- 3 limpadoras dependentes de empresa externa.

Alumnado:

O número total de alumnos/as matriculados no Centro no curso 2023-24 é:

<b>MATRÍCULAS</b>	<b>Nenos</b>	<b>Nenas</b>	<b>TOTAL</b>
<b>Nº Alumnos/as do Centro E.I.</b>	50	53	<b>103</b>
<b>Nº Alumnos/as do Centro E.P.</b>	135	150	<b>285</b>
	135	150	<b>388</b>

Servizos complementarios:

- Comedor escolar. O seu horario é de 14:00h a16:00h. Máis da metade do alumnado come no comedor, claro exemplo da necesidade de conciliación familiar . Os alumnos/as que non quedan nas actividades extraescolares que oferta a ANPA, son transportados ao remate ás 16:00h.



- Aula matinal: xestionada pola ANPA. O seu horario é de 08:00 a 09:15. Un servizo altamente demandado cunha media de usuarias/os diariamente de 25/26.
- Transporte Escolar: depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, sendo este gratuíto. Terá dereito o alumnado que teña o seu enderezo a máis de 2Km do colexio e dentro do ámbito do centro.
- Actividades Extraescolares: organizadas pola ANPA. O seu horario é de 16:00h. a 17:30h. A aula RELAX de 15:00h-16:00h.

\* Moito alumnado está anotado en máis dunha actividade.

### **3. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS.**

#### **3.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

- Promover o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres desenvolvendo valores persoais e sociais que promovan esta igualdade.
- Recoñecer ou identificar os micromachismos na vida cotiá para concienciar ao alumnado da necesidade de ir cambiando os comportamentos, incluso aqueles dos que non se é moi consciente.
- Fomentar a superación de estereotipos, prexuizos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades e xerarquías sociais baseadas nestes estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuizos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
- Educar para aprender a vivir en equidade ao longo da vida: as tarefas da vida doméstica e o respecto aos demais deberían asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres.
- Eliminar a linguaxe sexista tanto nas aulas como en todos os espazos do Centro.
- Utilizar unha metodoloxía non sexista, incidindo na aprendizaxe cooperativa e promovendo a autonomía persoal.
- Fomentar os patios inclusivos propoñendo xogos para todos e para todas.
- Educar en igualdade tamén no deporte e na actividade física e promover a equidade nesta área, tendo en conta as diferenzas entre mulleres e homes, pero sen limitar nunca as súas posibilidades.
- Prestar especial atención e denunciar á detección de violencia física ou psicolóxica tanto na escola como na familia.

#### **3.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- Educar na identificación e prevención da violencia de xénero, necesario para erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, ciumes, intimidacións ou calquera outra estratexia de coacción, sinalando exemplos concretos do que se denomina "micromachismo", é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizais lexitimados polo ambiente social, pero que supoñen unha violencia sutil contra as mulleres e constitúen unha

forma deplorable de acoso.

- Educar na detección de posibles casos de abuso, coa necesidade de indicar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre as formas de reacción, tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.
- Fomentar o respecto entre o alumnado e o profesorado, independentemente do seu sexo.
- Identificar posibles actitudes violentas cara as mulleres, tanto alumnas como profesoras ou persoal non docente.
- Adoptar unha actitude de intolerancia e rexeitamento diante de calquera signo de comportamento machista.
- Recoñecer como a violencia de xénero condiciona as relacións de parella, ata en idades temperás.

### **3.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Educar sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.
- Non consentir nas aulas ningún tipo de burlas, menosprezo a persoas con diferentes tendencias sexuais.
- Traballar a tolerancia desde as titorías coñecendo realidades diferentes e as consecuencias que provoca a intolerancia.

### **3.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIQfobia.**

- Implantar pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.
- Involucrar á comunidade educativa para detectar e previr posibles casos de LGTBIQfobia.
- Axudar ao profesorado para que saiba previr, detectar e intervir en casos de LGTBIQfobia.

## **4. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.**

### **4.1. Organización do Centro.**

- Ante un Claustro onde é tan evidente o desfase entre o número de mulleres e homes, indicar que en ningún caso, dase a circunstancia de que non se asuma a representatividade se así se require.
  - o O Consello Escolar está actualmente formado por ..... mulleres e 1 home e o Claustro de Profesores/as por 30 mulleres e 3 homes. Para a representación das familias no Consello Escolar, fomentaremos a participación dos pais xa que das 5 nais, non ostenta representación ningún pai.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
  - o Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación en materia de igualdade que oferte o CFR.

- Fomentaremos a formación do alumnado mediante obradoiros ou xornadas de formación en materia de igualdade, tanto de profesionais externos como por parte dos seus propios mestres.
- Formar ao Equipo de Mediación do alumnado.
- Colaborar coa ANPA para a celebración de charlas, coloquios e obradoiros: na escola de nais e pais, traballar esta temática para que desde as casas tamén vaian cambiando as actitudes, os estereotipos e a cultura machista.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
  - Uso non sexista da linguaxe, a nivel escrito (boletíns, actas, notas familias...) e oral.
  - Concienciar ao profesorado do centro do emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
  - Concienciar ao alumnado do emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria nas diferentes áreas, e sobre todo á hora de estar traballando a competencia lingüística.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
  - A ANPA do centro.
  - Concello e outras entidades da contorna.
- Colaborar e coordinarse coa ANPA para corroborar que nas actividades extraescolares e complementarias se teña coidado de non permitir actitudes intolerantes e de estereotipos de xénero.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGTBI, etc.).

#### **4.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes. Cronograma de actuacións anuais.**

- Ser moi conscientes da eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes nas programación didácticas anuais.
- Os proxectos e actividades que se leven a cabo deberán estar libres dos estereotipos de xénero.
- Fomentar no día a día da aula a inclusión e a diversidade, por exemplo á hora de formar grupos de traballo.
- Revisar o fondo bibliográfico da biblioteca para expurgar o material que é contrario aos principios deste plan e dotala de fondos coeducativos.
- Revisar o material didáctico das aulas e dotar ao Centro de recursos coeducativos.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro. O profesorado procurará que os contidos audiovisuais utilizados nas actividades respecten a igualdade e a diversidade afectivo-sexual.
- Realizar actividades de sensibilización na aula. Dentro das normas de cada titoría e dentro dos contidos transversais relacionados co respecto ós compañeiros e compañeiras, farase sempre fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres.
- Cando sexa posible, aproveitaranse as actividades curriculares para reflexionar sobre os estereotipos na sociedade.
- Levar a cabo ao longo do curso escolar un **Plan de Actuacións e Actividades** comúns organizado polo Equipo de Igualdade que estará incluído na Programación Xeral Anual e avaliado na Memoria de final de curso, e que seguirá este modelo que propoñemos

como **cronograma**:

## PLAN DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES

### ANUAIS

**Xogo por recantos en E. Infantil e en 1º de E. Primaria.-** O xogo simbólico é un recanto ao que acoden tanto nenos como nenas, onde xogan na casiña realizando as tarefas do fogar. Asemade a zona de coches tamén é utilizada indistintamente por nenos/as.

**Obradoiros de cociña.-** En todos os cursos realizaranse obradoiros de cociña nos que, ademais de elaborar unha ou varias receitas, teñen que encargarse, tanto nenos como nenas, de recoller e limpar a cociña do centro.

**Xogos no patio.-** Actualmente estamos promovendo os patios inclusivos coa realización de xogos para todos e todas e tamén o fomento de xogos populares. Ademais, o noso centro goza dun patio privilexiado pola súa amplitude e onde temos diferenciadas varias zonas: zona de pistas deportivas, zonas de areeiro, zonas de xogos motores e zonas de relax. O patio de Educación Infantil consta de areeiro, zona da casiña, zona de xogo e zona de árbores.

**Horto escolar.-** Todos os cursos dispoñen dunha zona de horto onde realizan as mesmas tarefas nenas e nenos.

**Mochila viaxeira.-** En todos os cursos lévase ás casas a mochila viaxeira, na que se incluírá un libro ou medio audiovisual a prol da igualdade.

**Obradoiros de traballo compartido.-** Por ciclos mestúranse os nenos de 1º e 2º, 3º e 4º, 5º e 6º e de 3, 4 e 5 anos para realizar distintos obradoiros e promover a convivencia e a interacción social.

**Cargos e funcións.-** En Educación Infantil e en Educación Primaria os cargos e funcións son rotativos, todo o alumnado vai exercendo as distintas funcións dunha maneira rotativa.

**Adquisición de material.-** No centro adquirimos distinto material de xogo, tendo en conta que sexa utilizado tanto por nenos como por nenas indistintamente. Así mesmo, revisase o material existente coa finalidade de expurgar aquel material sexista.

**Aprendizaxe cooperativa.-** Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación. Para iso, establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativa desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva, na que prime o respecto mutuo.

**Educación emocional.-** Ao longo do curso traballarase nas aulas os sentimentos e as emocións, así como a xestión das mesmas.

**Habilidades sociais.-** Traballarase ao longo do curso distintas dinámicas de cohesión de grupo. Tamén se realizarán charlas co alumnado para traballar diferentes estratexias de relación social.

**Mediación do alumnado.-** Funcionará un equipo de mediación do alumnado coa finalidade de que axuden na xestión dos conflitos desde a perspectiva de igual a igual.

**Establecemento de normas na aula.-** Baseadas no respecto e na igualdade.

**Promoción na páxina web de material coeducativo e para a igualdade de ambos sexos.**

**Realización de Obradoiros de Igualdade.-** Ofertados polo Concello ou por outras entidades.

## PRIMEIRO TRIMESTRE

<b>En todo o patio</b>	Os xogos e deportes realízanse sempre pensando en que sexan mixtos.
<b>Contacontos</b>	Lectura de contos que fomenten a igualdade e a coeducación.
<b>Final de trimestre</b>	Recomendacións lectoras para as familias. Antes do Nadal, envíanse ás familias unhas recomendacións de libros, nestas inclúense os que fomenten a igualdade.

<b>Celebracións específicas</b>	<p><b>20 de novembro.- Día dos Dereitos do Neno e da Nena.</b></p> <p><b>25 de novembro.- Día Internacional Contra la Violencia de Xénero.</b></p> <p><b>Día de Rosalía.</b></p>
<b>SEGUNDO TRIMESTRE</b>	
<b>Celebracións específicas</b>	<p><b>8 de marzo.- Día Internacional da Muller.</b></p> <p><b>30 de xaneiro.- Día da Paz e da Non Violencia.</b></p>
<b>Contacontos</b>	Realizaremos lectura de contos que fomenten a igualdade e a coeducación.
<b>Xogos populares de convivencia no patio</b>	Realizaremos unha xornada de xogos populares na que se mestura ao alumnado de todo os Centros de ensino do Val Miñor.
<b>TERCEIRO TRIMESTRE</b>	
<b>Contacontos</b>	Realizaremos lectura de contos que fomenten a igualdade e a coeducación.
<b>Celebracións específicas</b>	<b>17 de maio. Día Internacional Contra la LTGBIfobia</b>
<b>Excursión de final de curso de 5º e 6º de E. Primaria/Intercambio</b>	Xornada de convivencia do alumnado de 5ºEP e 6ºEP. Intercambio Manchester.
<b>Xornal escolar</b>	Revista anual na que se ten en conta a igualdade de xénero tanto na súa elaboración como na linguaxe que se emprega.
<b>Final de trimestre</b>	Recomendacións lectoras no xornal escolar, nas que se inclúen libros que fomenten o respecto, a coeducación, a igualdade de xénero...

#### 4.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar e na biblioteca de aula.
- Promoción de patios inclusivos coa participación do alumnado en "xogos para todas e todos" no patio do recreo. Dotaremos os patios de recursos para que participen nenos e nenas.
- O profesorado de garda velará para que non se dean comportamentos de abuso, burlas, acoso ou calquera conduta impropia nas aulas, nos corredores ou nos recreos.
- Velar para que nos servizos complementarios que ofrece o Centro, tamén estean libres de accións contrarias á convivencia e ao trato igualitario.
- Cando se leven a cabo arranxos e reformas, ter presente a perspectiva de xénero.
- Incluír un apartado para as accións e a información na nosa páxina web.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc. Todas estas actividades serán integradoras e realizadas independentemente por nenos e nenas.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co Centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.

#### **4.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

Nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro incídese no respecto entre todas as persoas da comunidade educativa: alumnado, familias e persoal do Centro.

Desde o Plan de Convivencia e desde o Plan de Acción Titorial traballarase sempre cos valores que inspiran este Plan de Igualdade.

Levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero. Respetar as diferentes características de todas as persoas xa sexan por razón de raza, xénero, diversidade sexual, capacidades,...
- Funcionamento do Equipo de Mediación Escolar do alumnado sobre todo nos recreos corresponsabilizándose na tarefa de velar polo cumprimento das normas, o respecto entre compañeiros e compañeiras e a resolución pacífica de conflitos.
- Facer partícipes ao alumnado nesta tarefa, que investiguen e recoñezan comportamentos inadecuados e que poidan causar dano a outras persoas.
- Utilizar a aprendizaxe cooperativa nas tarefas e proxectos a realizar na aula para promover a corresponsabilidade, é dicir, a responsabilidade compartida.

#### **5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

A avaliación deste Plan irá recollida da Memoria Anual do Centro. É un documento que ha de resultar especialmente útil pois recollerá a calidade con que se desenvolveron as actuacións e permitirá redactar as reflexións cualitativas resultantes da avaliación. Irán recollidas as

valoracións das actuacións realizadas e as propostas de mellora para o seguinte curso e tamén será o documento de mellora do Plan de Igualdade.

## **6. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO DE PROFESORES E DO CONSELLO ESCOLAR.**

En reunións ordinarias de Claustro de Profesores e Consello Escolar do Centro, celebradas o día 24 de outubro de 2023 quedou aprobado o Plan de Igualdade que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

En Nigrán, a 24 de outubro de 2023

O Equipo Directivo



